

## NORMATIVA DE SOLICITUDE DE ESPAZOS E MATERIAL

1. O material audiovisual e informático destinado para a docencia da titulación de Fisioterapia atópase de maneira permanente nas respectivas aulas / laboratorios, sendo as necesidades docentes propias da titulación as que teñen a prioridade sobre o resto das actividades.
2. En relación aos laboratorios, coma estes están asignados a unhas áreas determinadas, os profesores pertencentes a ditas áreas son aos que hai que dirixir a solicitude en caso de precisar a súa cesión, agás determinados armarios dos laboratorios que permanecen pechados por conter material específico de determinados profesores polo que só se poderá utilizar coa súa autorización. No exterior destes armarios figurará o material que conteñen e a quen lle hai que solicitar o seu uso.
3. Á marxe do indicado, o profesorado poderá solicitar, de forma puntual, o uso doutros espazos distintos aos asignados por consideralos máis aptos para impartir a docencia de determinados contidos do seu programa. Para isto, o profesorado fará a pertinente solicitude ante o persoal de Conserxería, quen, a súa vez, informará ao profesorado da dispoñibilidade do mesmo e comunicará, en todo caso, ao Decanato da Facultade a través da correspondente folla de rexistro.
4. O profesorado tamén poderá reservar para o desenvolvemento da súa materia outro material distinto ao existente na aula / laboratorio da súa docencia, para o que tamén deberá cubrir a correspondente solicitude. Esta solicitude entregará na Conserxería da Facultade. O persoal da Conserxería informará ao profesorado da dispoñibilidade do material e fará efectiva a petición en caso de estar libre, tomando, así mesmo, rexistro.
5. O alumnado tamén poderá solicitar o uso dos espazos libres da Facultade para o desenvolvemento das actividades que lle son propias do proceso de ensinanza-aprendizaxe no que está implicado coas seguintes restricións:
  - a. Salvo causa debidamente xustificada, non se deixará para o seu uso libre a Aula Magna. Deixarase este espazo tras permiso do Decanato da Facultade
  - b. Non se deixarán as aulas nin o seminario para facer prácticas.
  - c. Non se deixará un laboratorio de Fisioterapia o mesmo día no que, nos laboratorios adxacentes, estéase a desenvolver un exame práctico.
  - d. Salvo permiso previo do Decanato da Facultade ou dos responsábeis dos laboratorios, non poderán entrar nos laboratorios persoas alleas á Titulación.
  - e. Salvo que se habiliten outros métodos de control, o uso da Aula informática está supeditado ao horario de apertura establecido polo bolseiro da mesma.
  - f. O uso dun espazo da Facultade non levará o seu uso dunha forma exclusiva para quen o solicita. En caso de existir razón motivada para tal exclusividade, o permiso de uso dese espazo non será superior, en ningún caso, a media hora.

6. Os seguintes espazos da Facultade: Sala de estudos, Aula Magna e Sala de Xuntas, estarán abertos ou poderá solicitarse o seu uso, segundo sexa o caso, ata unha hora antes do peche do Centro, salvo en casos apreciados como extraordinarios polo Decanato.

Por regra xeral, e salvo as excepcións autorizadas expresamente polo Decanato do Centro, o horario de uso do departamento, seminario, aulas, aula informática e laboratorios para a realización de actividades que non sexan a impartición de clases, será ata unha hora antes do peche do Centro.

7. O alumnado poderá solicitar o uso dos ordenadores portátiles asignados a eles. A petición será para o seu uso en exclusiva dentro do recinto da Facultade. Para a súa petición, o alumno cubrirá a solicitude pertinente e a entregará ao persoal de Conserxería. Este lle informará da súa dispoñibilidade e fará efectiva a petición en caso de estar libre, facendo rexistro deste préstamo. En caso de que existan máis solicitudes que ordenadores dispoñibles, o prazo máximo de uso será de dúas horas. Ademais, no uso deste ordenadores, os alumnos deberán entrar como “usuarios” e non poderán alterar a configuración do equipo, nin instalar ou eliminar programas.
8. A petición de uso por parte do alumnado do resto do material esixirá a concesión de permiso por parte do Decanato do Centro.
9. Sempre que a petición do material, tanto se é feita polo profesorado como polo alumnado, sexa por un tempo maior a un día e/ou para sacar do espazo físico da Facultade, a petición farase efectiva tras o visto bo do Decanato da Facultade e, salvo causa excepcional ou debidamente xustificada, non será por un período superior aos tres días.
10. Quen solicite o espazo e/ou o material, farase responsable do adecuado e correcto uso do mesmo.
11. O uso dos espazos, instalacións e material audiovisual e informático da Facultade para o desenvolvemento de cursos, congresos, xornadas, conferencias, reunións e outras actividades está supeditado á aprobación por parte do Órgano de Goberno correspondente ou o Decanato da Facultade, segundo corresponda. Para iso, deberá ser informado cun prazo prudencial antes do seu inicio co fin de que o órgano indicado poida resolver positiva ou negativamente a petición.
12. O uso de espazos, instalacións e material audiovisual e informático da Facultade para o desenvolvemento de actividades citadas no punto anterior e organizadas por persoas alleas ao Centro e/ou á Universidade, levará, en todo caso, unha autorización expresa por parte do Decanato da Facultade e que ditos organizadores fagan, agás excepcións motivadas, unha contraprestación ao Centro segundo o Decanato estime máis oportuno (por exemplo, prazas gratuítas, doazón de material,...). O Decanato informará á Xunta de Centro dos termos do acordo ao que chegou cos organizadores das actividades.
13. Todo aquel ao que se lle preste material da Facultade deberá informar en Conserxería se detecta algunha deficiencia no mesmo co fin de que o persoal da mesma inicie o procedemento adecuado para resolver o problema o antes posible, así como no caso de ver algunha deficiencia nos espazos solicitados.
14. O non cumprimento desta normativa implicará responsabilidades ás partes implicadas nos feitos acontecidos.